

BANDO PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

O medio rural constitúe un patrimonio de valor incalculable para todos, tanto polo seu valor ambiental, como paisaxístico ou económico; non obstante, este importante patrimonio está sendo ameazado pola propagación dos incendios forestais.

Ante esta situación faise indispensable que tanto as administracións como os particulares propietarios de fincas e montes adopten as medidas preventivas necesarias para preservar estes bens. É unha responsabilidade de todos.

Por esto, e antes da chegada do período de máximo risco, recórdase aos veciños de Cambre cales son as súas principais obrigas en materia de prevención de incendios.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, contempla as seguintes obrigas para os particulares, que deben ser cumpridas **antes do fin do mes de maio** de cada ano (ou **antes do fin do mes de abril**, cando o propietario teña incumplido as súas obrigas dentro dos 4 anos anteriores):

- xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, así como ao redor das edificacións destinadas a persoas, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, campings, gasolineiras e parques e instalacións industriais, ubicadas a menos de 400 metros do monte e tamén ao redor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.
- Ademáis nesa mesma franxa de 50 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei (piñeiros, eucaliptos, acacias...).

Para o caso de que as ditas obrigas no sexan atendidas dentro do prazo establecido, a Lei prevé **sancións ata os 100.000 euros**. Todo esto sen prexuízo da posible responsabilidade civil ou penal dos incumplidores en caso de incendio.

Tlfs. atención municipal: 981 61 31 91
981 67 55 89

Se ves lume chama ao 085

Cambre, na data da sinatura electrónica
A alcaldesa

Diana Piñeiro Fernández